

O papel das minorías na Constitución nacional serbia no século XXI

Jairo Dorado Cadillo

Un dos elementos esenciais da configuración dos elementos nacionais en Iugoslavia foi a integración na diversidade nacional no canto da supresión de certas particularidades. Un bo exemplo disto foi o serbocroata, un estándar unitario das linguas serbia e croata para evitar ter que impor unha das dúas linguas á outra comunidade. Sen poder denominar consenso a este tipo de actuacións –xa que non esquezamos que era un réxime non democrático– o certo é que o alicerce do Estado gobernado polo mariscal Josip Broz Tito estaba na diversidade interna, no recoñecemento nacional dos distintos pobos: non existía “o iugoslavo”, senón que Iugoslavia era a suma de iguais.

A República Socialista Federativa de Iugoslavia (SFRJ) estaba formada por *narodí*, termo que poderíamos traducir libremente como *nacións*, constituíntes de Iugoslavia, e que eran os eslovenos, os croatas, os serbios, os montenegrinos e os macedonios, e dende 1973 os bosníacos ou Musulmáns (con m maiúsculo), con cada súa república federativa, e os *narodnosti*, termo este que poderíamos traducir libremente como *nacionais*, aplicábel aos pobos que en vivindo en Iugoslavia tiñan os seus Estados matriz alén dos límites territoriais de Iugoslavia, e que viñan sendo –principalmente– os húngaros e os albaneses, que gozaban de autonomía territorial dentro da República federativa de Serbia, alén da liberdade individual que tiñan todos os cidadáns do Estado, como veremos de seguido.

A diferenza do que alguén pode pensar, as políticas de consenso obtiñan resultados prácticos e dotaban de estabilidade a unha serie de cuestións que, como se vería durante os anos 90 do século XX, non estaban “esquecidas” do maxín nacional, pero tamén creaba unha serie de roces entre a concepción nacional a nivel republicano e a concepción nacional a nivel federal. Existía tamén un conflito entre a liberdade individual do cidadán e as liberdades que as repúblicas e autonomías concedían aos cidadáns. Un destes “roces” foi o conflito lingüístico xurdido durante os anos 70 na provincia autónoma de Kosovo.

As reformas constitucionais

Entre 1973 e 1974 houbo unha serie de reformas constitucionais de grande calado interno que marcaban xa o xeito no que Iugoslavia ía funcionar tras a morte de Tito. Estas reformas constitucionais mudaban de xeito substancial a fisionomía interna do Estado. Apareceu unha nova nación constituínte, a dos bosníacos, con

presenza maioritaria, mais non única, na República Federativa de Bosnia e Hercegovina; dotouse do dereito de autodeterminación ás repúblicas federativas e creouse unha división interna da República Federativa de Serbia: a aparición de dúas provincias autónomas, a da Voivódina ao norte e a de Kosovo ao sur.

Estas provincias autónomas tiñan unha serie de características históricas e demográficas de seu. A provincia autónoma da Voivódina correspondíase –agás na parte que correspondía ao termo municipal de Belgrado– cos territorios máis orientais obtidos de Hungría por Serbia tras a I Guerra Mundial segundo o Acordo de Paz de Trianón en 1921: o Banato occidental, Bacska e Smiria. Pola súa banda, a provincia autónoma de Kosovo correspondíase coa rexión histórica do mesmo nome, situada entre Albania, Macedonia e Montenegro, obtida por Serbia tras a I Guerra Balcánica.

Alén diso, ambas provincias tiña unha serie de características demográficas “diferenciadas” do resto de Serbia: os serbios eran minoría en Kosovo, onde a maioría da poboación era albanesa (por aquel entón roldaba o 75%) e non chegaban ao 70% da poboación da Voivódina. Serbia seguía a ser, porén, a república federativa máis homoxénea nos anos 70; so Eslovenia, cun 90% de eslovenos, era máis homoxénea ca Serbia, cun 85% de serbios.

A concesión da política autónoma na Voivódina non mudou moito o panorama xa existente en materia social, xa que os cidadáns pertencentes ás minorías non serbias dispuñan dunha serie de dereitos individuais –como por exemplo o da educación en cadansúas linguas maternas– que exercitaban; a autonomía, polo tanto, só garantía un marco legal no que ver reflectidos eses dereitos a nivel de autogoberno. O que si modificaba e profundamente era o funcionamento da república federativa, xa que Kosovo e a Voivódina tiñan dereito a vetar as resolucións do goberno republicano, forzándoo a gobernar a través do consenso: Tito quería –aparentemente– deixar atado a posíbel actuación do nacionalismo serbio tras a súa morte.

Esas modificacións tiveron un impacto psicolóxico ben diferente nas dúas provincias autónomas e a súa aceptación foi tamén ben diferente. A propaganda institucional da época denominaba ao serbocroata coma a *lingua de paz e prosperidade a nivel nacional* e ás outras linguas oficiais (esloveno e macedonio) ou cooficiais (albanés e húngaro entre outras) coma *linguas de paz e prosperidade a nivel local*. A finais dos 70, durante a aplicación das mudanzas constitucionais, un grupo de pais serbios de Kosovo dirixiu unha protesta formal ao Ministerio de Educación por causa da obrigatoriedade do ensino da lingua albanesa no ensino elemental. Denunciaban estes pais que tal obrigatoriedade atentaba contra os seus dereitos individuais como serbios. A protesta foi desentendida por parte das autoridades ministeriais, indicando que, moitas veces, a lingua de paz e prosperidade a nivel local é máis importante, para a paz e a prosperidade, do que pode ser a lingua de paz e prosperidade a nivel nacional.

As diferenzas de aceptación non habería que procuralas en cuestións triviais ou subxectivas, senón na obxectividade da psicoloxía da poboación local. Se para un

serbio da Voivódina, aínda entendendo que viven en Serbia, é doado aceptar a importantísima influencia austrohúngara no seu entorno, para un serbio de Kosovo esa percepción é diferente: rodeado de monumentos ortodoxos ao carón dunha poboación maioritariamente musulmán, observará e caracterizará ao albanés coma estranxeiro, coma alleo. A aceptación das mudanzas institucionais foi realizada nun mesmo grado, pero as súas influencias daquela –e aínda hoxe– foron moi diferentes.

A Constitución serbia e as minorías nacionais

O tratamento das minorías nacionais en Serbia ten un papel importante na política nacional, e ten unha forte influencia da herdanza da época iugoslava. Esta dupla influencia está motivada polos factores da política internacional, especialmente pola consideración de “conflito étnico” ao acontecido durante os anos 90 do século XX na rexión. Calquera exceso coas minorías étnicas en Serbia é sistematicamente asociado ao ultranacionalismo, tanto é así que hai uns anos o observatorio serbio de violencia escolar tivo un problema ao ter que definir unha liorta entre rapaces de etnia croata e de etnia roma, xa que esa combinación de factores non estaba definida como “violencia interétnica” (termo reservado só para cando unha das partes era serbia).

O outro factor importante e intimamente relacionado co período iugoslavo é o xeito de actuación do goberno de Belgrado con respecto ás minorías internas do país. Calquera exceso de liberdade alén dos xa recollidos no período iugoslavo é visto con fortes reticencias por unha parte importante da cidadanía que o considera como un factor que fornece o separatismo. Este parecer ten unha repercusión considerábel e visíbel na Constitución de 2006. Observemos o seu preámbulo⁽¹⁾:

“Partindo da tradición estatal da nación serbia e na igualdade de todos os cidadáns e comunidades étnicas existente en Serbia,

Partindo de que a provincia de Kosovo e Metohija forma parte do territorio de Serbia, de que ten unha substancial autonomía dentro do Estado soberano que conforma Serbia e que nesa situación a provincia de Kosovo e Metohija cumpre cos mandatos dos pertinentes órganos estatais que conforman e defenden os intereses estatais de Serbia en Kosovo e Metohija no tocante as relacións políticas interna e externas,

Os cidadáns de Serbia presentan

A Constitución da República de Serbia”.

E observemos tamén o comezo do artigo 1:

“A República de Serbia é o Estado da nación serbia e de todos os cidadáns que nela viven (...)”.

(1) Tradución propia do serbio.

A definición no preámbulo dunha Carta Magna dos límites territoriais e a soberanía dunha provincia é un caso coidamos que único a nivel mundial, e mostra a influencia que o conflito de Kosovo tiña –e xa que logo aínda ten– na política interna serbia. A redacción do artigo 1, aínda que poida parecer alleo a este conflito é unha causa *directa* do mesmo e un indicador do xeito no que pode evolucionar a cuestión das minorías nacionais en territorio serbio.

A redacción orixinal serbia non deixa lugar a dúbidas sobre o que é a *nación serbia*: српски народ. Para comezar emprega o termo *narod*, empregado xa en tempos –como vimos de ver ao comezo do artigo– como definidor das minorías nacionais constituíntes do Estado iugoslavo. Non emprega o termo tamén válido *nacija*, cun significado marcadamente político, senón que opta por un termo cunha forte denominación cultural e política. É máis, en serbio, as minorías non serbias son denominadas национална мањина *minoría nacional*, empregando o termo marcadamente político *nacija*. É dicir, existe unha nación –narod, a serbia, e as demais nacións– nacija: as minorías.

Non é tampouco unha escolla inocente a orde dos elementos, xa que si altera o produto. A narod serbia non ten límites territoriais, xa que é un termo que supera o político para entrar no cultural: son parte desa narod, desa nación non política todos os serbios, incluídos –abofé– os que están fóra dos límites políticos: vexase Bosnia –Hercegovina, Croacia e, ulteriormente, Kosovo. Non é esta unha redacción “exclusiva” á Constitución serbia. Un repaso ás Constitucións dos demais estados xurdidos da ex-Iugoslavia –agás os de maior tensión étnica e menor “cohesión” nacional– mostra un tipo de redacción senón idéntico si que semellante.

Cando a redacción e a aprobación da Constitución houbo división interna dos diferentes partidos políticos ao respecto. Curiosamente, dous anos despois, e coa independencia de Kosovo, esas diferenzas teñen un punto de unión nas coalicións preelectorais para as eleccións parlamentares de maio de 2008 e sobre todo no camiño cara a integración europea.

Se no 2006 o único partido con representación parlamentar que fixo campaña abertamente en contra á Constitución foi o LDP, o Partido Liberal Demócrata. É este un partido que considera que coa independencia o asunto Kosovo está definitivamente fechado debido á pésima xestión política dende a caída do ex-presidente Slobodan Milošević e a responsabilidade de Serbia no devandito conflito dos 90.

O paquete de partidos que aspiraban a remodelar a redacción do artigo 1 propondo unha denominación máis “aséptica” como era “a República de Serbia é o Estado de todos os cidadáns que nela viven” preséntase ás eleccións como o “bloque europeo” e inclúe ao Partido Demócrata (DS) do presidente Boris Tadic, o G17 plus, que formou parte do goberno cunha importante presenza ministerial, o autonomista Liga Socialdemócrata da Voivódina (SDL) e os partidos das minorías nacionais, húngaros, roma e bosníacos, que xa na segunda volta das últimas eleccións presidenciais mostraron o seu pulo ao candidato Tadic. Avogan por unha integración europea rápida sen por iso renunciar á soberanía de Kosovo.

O paquete de partidos que propuña unha redacción máis directa para ese primeiro artigo (*a República de Serbia é o Estado da nación serbia e das demais que nela viven*) e que vista a redacción final saíu vencedor dese pulo, preséntase ás eleccións de xeito independente máis cunha postura común con respecto á integración europea: Unión Europea só con Kosovo. Son o partido do ex-primeiro ministro Koštunica, o DSS, o Partido Demócrata de Serbia, o SRS, o Partido Radical Serbio do procesado Vojislav Šešelj e o Partido Socialista do finado Milošević.

As coalicións políticas para as eleccións de maio –e incluso para as cuestións de goberno local– non se realizan a nivel nacional, senón máis ben a nivel local. Subotica (Szabadka en húngaro) é a segunda cidade da provincia autónoma da Voivódina; nesta cidade o 70% da poboación non é serbia (65% de húngaros e 5% de croatas) e na que os partidos políticos húngaros decidiron –tras o éxito colleitado na primeira volta das presidenciais de febreiro de 2008– presentar listas conxuntas, de marcado carácter europeísta e con apoio claro a política do presidente Tadic con respecto á integración europea: a sinatura inmediata do acordo especial de cooperación ofertado a Serbia o 7 de febreiro de 2008 e que provocou a caída do goberno ao se negar o primeiro ministro Vojislav Koštunica a o asinar.

Perante esta candidatura conxunta –e que estatisticamente ten todas as de gañar– o DSS do ex-primeiro ministro e o SRS de Šešelj decidiron presentar unha candidatura conxunta denominada “Lista Serbia” defendendo que perante unha lista húngara os serbios teñen dereito a presentar a súa. Non acontece noutras localidades da Voivódina, porén é un caso representativo xa que é Subotica a cidade serbia máis importante sen unha presenza serbia considerábel.

Mostran tanto o DS e o SRS que a redacción do artigo primeiro da Constitución non é papel mollado. Serbia non é o Estado dos cidadáns que nel viven, senón dos serbios. Esta actitude deixa patente que o tratamento das minorías étnicas estalle a dar unha importante vantaxe política aos partidos pro europeos. A vitoria nas derradeiras eleccións presidenciais de Boris Tadic na segunda volta debeuse, de xeito indubidábel, a dous factores: a alta participación e sobre todo, ao apoio electoral incondicional recibido por bosníacos e húngaros.

Este tipo de actuacións presenta unha dúbida sobre se unha parte importante da clase política serbia pensa que as causas da independencia kosovar son debidas a factores externos, non internos. A resposta inmediata nos medios de comunicación –tanto serbios como estranxeiros– dá unha visión dunha resolución marcadamente externa: a proclamación unilateral de independencia debeuse ao fornecemento dos EUA e algúns Estados da UE á independencia kosovar. Porén, e fiando fondo, semella que unha parte moi importante da sociedade pero, sobre todo, da clase política serbia, esquece o factor interno da nova configuración do Estado serbio tras o impas do período iugoslavo.

A creación dunha “fronte serbia” contra unha “fronte húngara” é o maior perigo contra o que se enfrenta a sociedade serbia, sobre todo porque é a primeira negación da inclusión do ser serbio. Como é posíbel entón, xustificar que Kosovo

podería ter ampla autonomía política en Serbia, se na rexión de Serbia, cun forte índice de crecemento económico, os mellores estándares de vida, estase a crear divisións político-sociais?

Durante a primeira década deste século, unha viaxe entre Zagreb e Belgrado por autoestrada era unha viaxe cara ningures. En territorio croata non había indicacións de que se viaxaba a “Iugoslavia” ate estarmos aproximadamente a 80 quilómetros da fronteira, cando aparecía un letreiro indicando cara “Belgrado”. O termo iugoslavo estaba desterrado dos indicadores croatas, ate que en 2003 produciuse a milagre, e nese mesmo cartel –o primeiro na autoestrada– engadiuse a indicación “Serbia e Montenegro”. A desaparición de Iugoslavia e os seus fantasmas podía parecer unha sorte de alivio ao ver nun Estado, nun termo, o inimigo, o causante do conflito e do sufrimento; porén, internamente, nesa “Serbia e Montenegro” outras anécdotas marcaban que a diferenza no paso entre o externo e o interno eran maiores do que pode parecer.

A desaparición de Iugoslavia non significaba a desaparición dos seus símbolos: o Hej Sloveni!, o himno iugoslavo –e de Serbia e Montenegro– tiña sempre como comparsa, nas súas interpretacións públicas unha ferida pitada por parte dos presentes. Durante os 3 anos de existencia de Serbia e Montenegro non se creou –nin a través do uso nin a través da filoloxía– un adxectivo en serbio: non existía o uso do termo “serbomontenegrino” na documentación oficial para definir aos habitantes do Estado: oficialmente –aínda hoxe– os súbditos desde Estado son “iugoslavos”, porén, maioritariamente, os súbditos deste Estado considerábanse “serbios”.

A transición provocou un agravio comparativo pero tamén un xeito diferente de denominar aos Estados nación: un serbio non podía aceptar que o croata fose croata, un esloveno fose esloveno, pero o serbio seguía a ser iugoslavo. Porén, un albanés ou un húngaro non pode aceptar a perda da súa identidade nacional, incluso no eido nominal: se un iugoslavo podía ser serbio, ou húngaro, ou esloveno, un serbio non pode ser húngaro ou albanés. E a Constitución do 2006 así o sanciona.

Un dos problemas de Kosovo xira entorno a súa identidade: Kosovo non crea unha identidade supranacional, por exemplo, unha identidade kosovar, que ate certo modo era o xeito de crear identidades normais durante o século XX, senón que amplía o Estado nacional albanés. Un dos paradoxos da prensa occidental é a de falar de kosovares e serbios: no fondo os serbios de Kosovo son tan kosovares como os albaneses de Kosovo, simplemente que os serbios de Kosovo ven o seu Estado nacional en Serbia e Kosovo como parte histórica de Serbia; o nacionalismo albanés ve en Kosovo terra albanesa, unindo o kosovar ao albanés, nun criterio non histórico senón demográfico. Só así ten explicación o conflito en Macedonia⁽²⁾.

Serbia, dende a desaparición de Serbia e Montenegro, tampouco estaba en capacidade de ofertar algo que non fose unha aceptación do *status quo* aos albane-

(2) Se os serbios aducen que Kosovo é un territorio historicamente serbio, os albaneses aducen que os lugares de maioría albanesa pertencen aos albaneses. Confróntase a visión histórica coa visión demográfica de realidade.

ses: os habitantes de Serbia son serbios, e vós, a maiores, podedes ser serbios de fala albanesa, ou no seu defecto, cidadáns de segunda.

Non é este un problema exclusivo de Serbia a tensión entre nacionalismos: a diferenza está en que das 26 minorías étnicas en Serbia só 10 non teñen un Estado de seu fóra das fronteiras serbias, e eses 10 non supoñen (excluíndo aos roma) nin o 0,01% do total da poboación. Alén diso, só 3 son minorías exclusivamente serbias, e dúas delas concretamente kosovares.

Unha das grandes incógnitas sobre o xeito no que se vén construíndo a identidade nacional en Serbia nos últimos 90 anos é a seguinte: foi Iugoslavia (concretamente o Reino dos Serbios, Croatas e Eslovenos) unha Grande Serbia, creada polas potencias aliadas como recompensa á Serbia polos danos sufridos na Grande Guerra? As actuacións nos últimos anos de todas as partes implicadas no conflito así o parece indicar.

Os puntos quentes de Serbia

Serbia ten hoxe en día catro puntos quentes nos que ten que actuar dun xeito diferente ao xeito de actuación nos últimos 9 anos en Kosovo.

a) A Voivódina non supuxo nunca un lugar de tensións interétnicas nun grao tan elevado coma Kosovo. Porén, o xeito no que se leve o asunto kosovar, sumado á importante presión social dos desprazados de Kosovo alí residentes e a actuación política dos máis extremistas –como a candidatura conxunta “lista serbia” de Subotica– podería complicar a situación. Voivódina, porén, ten o perfil dun problema político da Europa occidental: é a rexión máis rica do Estado, implica dun xeito ou outro a todos os Estados veciños e sobre todo, os grupos étnicos alí presentes mostran diferenzas políticas internas considerábeis. Máis aínda: os datos obtidos polo candidato presidencial húngaro István Pástor na primeira volta mostra que obtivo máis votos ca húngaros na Voivódina.

b) O Val do Presevo, en Serbia, xusto na fronteira sur oriental con Kosovo, ten maioría albanesa. Existen tres problemas principais: o desemprego desta paupérrima zona rural, a discriminación oculta dos seus habitantes, que non poden traballar nin en Kosovo nin noutras partes de Serbia, e a desmilitarización da zona. De estoupar un novo conflito en Macedonia, como o do ano 2001, o Val do Presevo con certeza estaría contaxiado en pouco tempo. Unha vez máis, estaríamos a falar do desastre que supón a repetición da paz a la Dayton: fronteiras no mapa que non se corresponden coas fronteiras humanas no terreo. Aceptar a independencia de Kosovo non supuxo aceptar a independencia dos kosovares, xa que os serbios desa rexión non se senten identificados co novo Estado. No Val do Presevo acontece exactamente o contrario.

c) O Sandzak é a rexión gañada por Serbia e por Montenegro ao Imperio Otomán na I Guerra Balcánica. A súa poboación é aínda hoxe maioritariamente

bosníaca e no transcurso da guerra na veciña Bosnia-Hercegovina houbo varias matanzas de musulmáns. Nas últimas edicións presidenciais, o Partido Demócrata dos bosníacos do Sandzak apoiou a candidatura de Tadic, obtendo máis votos ca bosníacos.

A comunidade bosníaca está fortemente divida dende que a separación de Serbia e Montenegro separou tamén o Sandzak, en dúas correntes relixiosas con cadanseu *ulema*: unha tendencia unitaria do Sandzak entre a parte montenegrina e a serbia, independente nas cuestións relixiosas de Belgrado, e a prol dun achegamento a Bosnia Hercegovina; e unha tendencia pro Belgrado, dependente en cuestións unitarias do Rais-ul-Ulema de Serbia. Nos pasados meses houbo enfrontamentos entre os dous grupos por cuestións relativas á propiedade inmobiliaria.

d) O problema de fondo é que a reestruturación do Estado non ten acougo na Unión Europea: varios dos Estados membros violan sistematicamente os dereitos das minorías nacionais dos seus territorios sen que isto supoña a menor das denuncias ou condenas por parte da Unión Europea. Os criterios de entrada, porén, estipulan –como no caso de Croacia– un respecto polas minorías nacionais e, probablemente, supoñan nun futuro non moi distante un punto de confrontación coa candidatura serbia (alén do xa presente asunto da colaboración coa Corte Internacional da Haia). O asunto Kosovo supón un conflito internacional sobre a legalidade ou non dun proceso de independencia unilateral, pero tamén un toque de atención a ordenación interna de Serbia e, sobre todo, do duplo baremo existente nas institucións europeas para garantir os dereitos das minorías.

Mostra tamén que existe, segundo os criterios da Europa Occidental, dous tipos de “minorías nacionais” nos estados europeos: as minorías con estados matrices que miran dun xeito directo ou indirecto polos seus, ou as minorías sen Estados matrices e sen un órgano de protección alén dos que presente o Estado no que viven.

Falar de “persecución” das minorías como único motivo para xustificar a independencia de Kosovo é cando menos un importante eufemismo. Principalmente porque tras a independencia os serbios pasan a ser unha minoría nese novo Estado sen que exista un criterio que permita a súa independencia. Segundo, porque minorías kosovares –no sentido amplo do termo, exclusivas de Kosovo– como son os gorani ou os ashkali, foron perseguidas dende 1999 sen que houbera a máis mínima condena internacional.

Serbia ten perante si tres desafíos con respecto as minorías que viven no seu territorio. O primeiro é evitar que a opinión pública asocie o clivé minoría-independentismo ou minoría-terrorismo de liberación (ao estilo UÇK en Kosovo). O segundo é facer que as minorías sintan que son parte fundacional da sociedade e do Estado serbio. A sociedade serbia ten que entender que o xeito de constituír un Estado novo no século XXI non se pode facer atendendo aos criterios nacionais do século XIX nin de comezos do XX: o Estado serbio é unha realidade configurada dun xeito histórico sen que isto implique nesa configuración non houbera períodos de descon-

tinuidade do Estado serbio “per se”⁽³⁾ pero tampouco sen que isto implique que as fronteiras históricas son as permanentes⁽⁴⁾. A creación dun Estado serbio no século XXI debe ser unha mirada cara adiante.

O terceiro desafío será o da volta á normalización da vida política serbia: as minorías poden ter unha opcións de voto máis definidas, pero a clase política serbia non se pode permitir excluír nominalmente ás minorías. Unha fronte húngara nas eleccións implica unha serie de cuestións de interese para esa minoría, porén, unha fronte serbia enfrontada a esa fronte húngara é unha forma moi restritiva de entender non só a política serbia senón a configuración do Estado. Se o serbio, no século XXI, implica a negación doutra serie de minorías étnicas tan “serbias” coma a principal, teremos un panorama non moi diferente ao de 1908, o ano en que Austria Hungría anexionaba Bosnia Hercegovina, o que só seis anos máis tarde serviría de excusa para a Primeira Guerra Mundial.

Jairo Dorado Cadillo é tradutor e intérprete residente en Serbia, licenciado en Tradución e Interpretación pola Universidade de Vigo e en posesión dun DEA en Tradución e Paratradución, ten publicadas en galego varias traducións de diversos autores serbios, croatas e húngaros.

(3) Dos Estados xurdidos da ex-Iugoslavia, só Serbia e Montenegro existían de xeito continuado –as dúas semanas de existencia de Eslovenia non son tidas en consideración– antes de 1918. Curiosamente foron os dous últimos en reaparecer internacionalmente e, curiosamente, os únicos que non causaron un conflito coa súa aparición.

(4) As fronteiras actuais de Serbia abranguen máis territorio do que en calquera momento da historia contemporánea un estado serbio tiver. O concepto de “grande Serbia” nunca foi estudado como un control sobre Iugoslavia no canto de un espellismo dos territorios do tsar Dušan no século XIII: ninguén que defendea “a grande Serbia” renunciaría a Vovivódina e reclamaría partes da Grecia actual, algo que se correspondería máis coa Grande Serbia do tsar Dušan.